

CONTRACCIÓNS DOS ARTIGOS DETERMINADOS E INDETERMINADOS COAS PREPOSICIÓNS

En + o/os en + a/as	No-nos na-nas	en + un en + unha	Nun-nuns nunha-unhas
De + a/as de + o/os	Da-das do-dos	De + un de+unha	Dun-duns dunha-dunhas
Con + o/os con +a/as	Co-cos ca-cas	Con + un con + unha	Cun-cuns cunha-cunhas
Co + o/os co + a/as	Co-cos ca-cas		
Por + o/os por +a/as	Polo-polas pola-polas		
A – a/as a + o/os	Á-ás ao-aos		

Facer as contraccións necesarias co artigo:

1. **En a** saída **de a** Alameda bateu **con unha** amiga **de a** infancia **por a** que sempre sentiu un grande agarimo
2. Traballa **con un** curmán **en a** construción **de a** ponte **de o** tren que pasa **por o** fondo **de a** vila
3. Ao iren **a a** festa **de o** seu aniversario expuxéronse **a as** críticas **de os** seus inimigos.
4. Xogaban xuntos **a a** billarda, vivían **en unhas** casas próximas e os dous se apaixonaron **por o** mesmo equipo de baloncesto.
5. Está entrando unha borrasca **por o** norte **de A** Coruña, dixérono **en a** televisión,
6. Vivía **en un** país afastado, **en unha** cidade bañada por un río de augas claras.
7. Deu con unha ... amiga de a ... infancia en as ... redes sociais mirando en o ... seu móbil
8. **En a** película **de A** Esmorga recóllense moi ben os ambientes **de a** cidade **de as** Burgas
9. Iso sae **en un** capítulo **de Os** fillos do mar de Pedro Feijoo, mais non lembro de cal se trata .
10. Naceu **en o** Carballiño, medrou **en as** Pontes e fíxose **con un** traballo **en A** Coruña.